



Guía Docente						
Datos Identificativos				2023/24		
Asignatura (*)	Fonética e Fonoloxía do Español		Código	613G01020		
Titulación	Grao en Español: Estudios Lingüísticos e Literarios					
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6		
Idioma	Castelán					
Modalidade docente	Presencial					
Prerrequisitos						
Departamento	Letras					
Coordinación	Cordoba Rodriguez, Felix	Correo electrónico	felix.cordoba@udc.es			
Profesorado	Cordoba Rodriguez, Felix	Correo electrónico	felix.cordoba@udc.es			
Web	campusvirtual.udc.es					
Descripción xeral	<p>Descripción e estudo fonético-fonológico da lingua española.</p> <p>Perséguense, por unha banda, obter un coñecemento detallado do nivel fónico do español e, por outra, poder aplicar os métodos e as técnicas de análise fonética e fonológica.</p> <p>Estúdase o son, a articulación e, sobre todo, a configuración fonológica e fonética do español.</p>					

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A21	Coñecer a variación lingüística da lingua española.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

## Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer os principais conceptos lingüísticos relacionados co nivel fónico das linguas.	A1 A3	B5	
Familiarizarse cos principais traballos sobre fonética e fonoloxía e sabelos enmarcar no seu contexto.	A3 A11 A14 A15	B1 B5 B7 B8	C8
Adquirir a capacidade para valorar con espírito crítico a bibliografía sobre esta materia.	A3 A14 A15	B1 B7	
Analizar e describir o sistema fonolóxico do español e as variantes de realización dos fonemas.	A1 A10 A14	B7	
Coñecer os mecanismos de producción da voz humana.	A5 A15	B3	C1
Adquirir competencia na transcripción fonética e fonolóxica de textos.	A1 A2		
Coñecer os aspectos do son como fenómeno físico que sexan de interese para os estudos lingüísticos.	A1 A15 B2 B3	B1	C3
Coñecer as distintas formas de abordar o estudo do son desde as diferentes perspectivas da Lingüística.	A3 A11 A14 A15	B7 B8 B9	
Adquirir competencia no estudo instrumental do son e familiarizarse co uso das tecnoloxías aplicadas á lingüística.	A1 A2 A3 A15	B1 B2 B9	C3 C6
Contribuír a adquirir un pleno dominio da lingua española que permita producir textos orais e adecuados á situación.	A5 A9	B4 B6	C1
Desenvolvemento da capacidade para recoñecer, xustificar e corrixir as principais incorreccións do español nos niveis de análise relacionadas coa materia: ortoloxía, pronunciación, entoación, etc.	A1 A2 A5 A10 A15	B2 B5 B7 B8	C1
Coñecemento e valoración tanto da norma culta como da diversidade lingüística do español.	A21	B7 B8	C1

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Fonética e Fonoloxía	1. Fundamentación teórica da distinción 2. Perspectiva histórica
2. Fonética acústica, articulatoria, perceptiva	1. Os distintos enfoques da fonética 2. O sistema articulatorio. A producción do son articulado 3. O son como fenómeno físico 4. O estudo experimental do son. Ferramentas para o estudo instrumental do son 5. Audición e percepción do son



3. Transcripción	1. A transcripción fonética 2. O Alfabeto Fonético Internacional 3. O alfabeto fonético da RFE 4. Transcripción fonética estreita 5. Transcripción fonolóxica 6. Transcripción mediante ordenadores
4. Unidades fonéticas e fonolóxicas	1. Sons, fonemas, trazos e outras unidades fonéticas e fonolóxicas 2. A sílaba
5. Sistema fonético e fonolóxico do español (1). O subsistema vocálico.	1. Os fonemas vocálicos do español 2. Realización fonética 3. Combinacións de vocais
6. Sistema fonético e fonolóxico do español (2). O subsistema consonántico	1. Fonemas consonánticos do español 2. Realizaciós dos fonemas consonánticos
7. Unidades suprasegmentais	1. A entoación

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B5	1	0	1
Obradoiro	A1 A3 A15 A21 B1 B2 B5 C6	15	15	30
Sesión maxistral	A1 A3 A5 A11 A14 A21 B1 B7 B8 C3 C8	20	20	40
Prácticas de laboratorio	A1 A3 A11 A15 B2 B9 C3 C6 C8	15	22.5	37.5
Lecturas	A1 A2 A3 A5 A9 A10 A15 B3 B4 B6 B9 C1	0	12.5	12.5
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A3 A11 A14 B5 B7 B9	0	2	2
Proba mixta	A1 A3 A5 A11 A15 B2 B6 B7 C1	0	25	25
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Actividades iniciais	Presentación da materia. Actividades para coñecer as competencias, intereses e motivacións do alumnado. Preténdese obter información relevante que permita articular unha docencia que favoreza a aprendizaxe eficaz e significativa.
Obradoiro	Diversas metodoloxías e probas (solución de problemas, prácticas guiadas, especialmente prácticas de transcripción,etc.) a través das que se desenvolven tarefas principalmente prácticas co apoio e supervisión do profesorado.
Sesión maxistral	Exposición teórico-práctica. Valorarase a participación do alumnado.
Prácticas de laboratorio	Uso do ordenador para traballo con gravacións, realización de espectrogramas etc. Análise de espectrogramas e outros medios de estudio do son. Transcripción mediante ordenadores.
Lecturas	Lectura de artigos sobre aspectos concretos do temario.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia a conferencias, relatorios de congresos ou eventos relacionados coa materia.
Proba mixta	Exame final, tanto dos aspectos teóricos como prácticos.



## Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Lecturas	Tanto as prácticas dos obradoiros como de laboratorio realizaranse cun seguimiento personalizado por parte do profesor.
Proba mixta	
Prácticas de laboratorio	Tamén se espera que se faga uso das titorías para resolver dúbidas relacionadas coas lecturas ou coas clases maxistrais.
Obradoiro	Enténdese que a avaliación forma parte do proceso de aprendizaxe e, xa que logo, recoméndase que se empreguen as titorías para revisar os exercicios e o exame final.  As titorías poderanse levar a cabo persoalmente, por Teams ou mediante correo electrónico.  Estudantes con dispensa académica recoñecida: favorecerase o uso de titorías presenciais ou telemáticas como apoio á docencia.

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Proba mixta	A1 A3 A5 A11 A15 B2 B6 B7 C1	Exame de contidos teóricos e de aspectos prácticos na data oficialmente establecida pola facultade.	50
Prácticas de laboratorio	A1 A3 A11 A15 B2 B9 C3 C6 C8	Avaliaranse algunas das prácticas de análise de espectrogramas e de uso de aplicacións informáticas de análise de son que se realizarán nas sesións interactivas.	30
Obradoiro	A1 A3 A15 A21 B1 B2 B5 C6	Serán avaliadas algunas das prácticas de transcripción fonética e fonolóxica que se realizarán nas sesións interactivas	20

## Observacións avaliación



Para superar a materia, a cualificación mínima da proba mixta deberá ser de 4 puntos sobre 10.

Será cualificado/a como «non presentado» quen non realice o exame final oficial, independentemente do número de actividades entregadas.

As actividades que o permitan deberán ser entregadas a través do Campus

Virtual. O/a estudiante comprométese a gardar unha copia dos materiais de cada actividade, en previsión de problemas na recepción. Só se aceptarán as

actividades realizadas nas aulas e que se entreguen dentro do prazo

establecido.

As actividades e o exame deben cumplir as esixencias de corrección lingüística propias destes textos (ortografía, puntuación, precisión léxica, rexistro formal, discurso coherente e cohesionado etc.). Penalizarse a nota dos escritos que non se axusten a esta norma.

Calquera falta de honradez académica

(plaxio, entrega de material non elaborado polo/a estudiante, copia etc.)

dará lugar á aplicación do estipulado nas «Normas de avaliación,

revisión e reclamación das cualificacións dos estudios de grao e mestrado

universitario» e no «Regulamento disciplinar do estudiantado da

Universidade da Coruña». O/a estudiante será cualificado/a con «suspenso»

(nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico,

tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na

segunda. As actividades poderán ser sometidas a unha revisión mediante

aplicacións informáticas de detección de plaxio ou de uso de intelixencia artificial. Estas

aplicacións poden recoñecer traballos presentados polo/a estudiante

noutras materias.

Na segunda edición de actas (segunda oportunidade)

poderanse recuperar todos os instrumentos de avaliação coa mesma

ponderación que na primeira edición. As actividades de prácticas de laboratorio serán substituídas por actividades que se publicarán no Campus

Virtual da UDC que se entregarán na data establecida para o exame oficial. As actividades do obradoiro serán substituídas por unha proba que se realizará na data oficial do exame da segunda oportunidade. Só se cualificará como non presentado quen xa

tivese esta cualificación na primeira edición de actas e, ademais, non

se presente ao exame oficial da segunda oportunidade.

Na convocatoria adiantada empregaránse os mesmos instrumentos de avaliação coa mesma ponderación. As actividades de prácticas de laboratorio serán substituídas por

actividades que se publicarán no Campus Virtual da UDC que se entregarán

na data establecida para o exame da convocatoria adiantada. As actividades do obradoiro

serán substituídas por unha proba que se realizará na data establecida para o exame desta convocatoria. O alumnado que se acolla a esta convocatoria debe contactar co profesorado responsable da materia con antelación suficiente.

Estudantes con dispensa académica recoñecida: Aplicáráselles o mesmo sistema de avaliação, con maior flexibilidade nas datas de entrega (agás o exame oficial). Deberán contactar co docente da materia ao comezo do curso.

Estudantes erasmus ou de intercambio: Recoméndase un nivel de español equivalente a B1 ou superior.

Alumnado con necesidades especiais. A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva etc.) consonte ás indicacións da Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/>), coa que se deberá contactar nos prazos oficiais establecidos antes do comezo do cuatrimestre. Pódese contar co asesoramento da titora de atención á diversidade da facultade (pat.filoloxia@udc.gal).

## Fontes de información



Bibliografía básica	Alarcos Llorach, Emilio: Fonología española, 4. <sup>a</sup> ed. Madrid: Gredos, 2012.Fernández Planas, Ana M <sup>a</sup> : Así se habla. Nociones fundamentales de fonética general y española. Barcelona: Horsori, 2005.Gil Fernández, Juana: Los sonidos del lenguaje. Madrid: Síntesis, 1995.Gil Fernández, Juana, ed.: Panorama de la fonología española actual. Madrid: Arco Libros, 2000.Hidalgo Navarro, Antonio: Aspectos de la entonación del español: viejos y nuevos enfoques. Madrid: Arco Libros, 2006.Hidalgo Navarro, Antonio y Mercedes Quilis Merín: La voz del lenguaje: Fonética y fonología del español. Valencia: Tirant, 2012.Martínez Celdrán, Eugenio: Fonología general y española. Barcelona: Teide, 1989.Martínez Celdrán, Eugenio: Análisis espectrográfico de los sonidos del habla, 2. <sup>a</sup> ed. Barcelona: Ariel, 2007.Martínez Celdrán, Eugenio: El sonido en la comunicación humana. Introducción a la fonética, 2. <sup>a</sup> ed. rev.. Barcelona: Octaedro, 2003.Martínez Celdrán, Eugenio y Ana M. Fernández Planas: Manual de fonética española. Articulaciones y sonidos del español. Barcelona: Ariel, 2007.Navarro Tomás, Tomás: Manual de pronunciación española, 28. <sup>a</sup> ed. Madrid: CSIC, 2004.Penas Ibáñez, M. <sup>a</sup> Azucena (ed.): Panorama de la fonética española actual. Madrid: Arco Libros, 2013.Quilis, Antonio: Tratado de Fonología y Fonética españolas. Madrid: Gredos, 1993.Real Academia Española: Nueva gramática de la lengua española. Fonética y fonología, Madrid: Espasa, 2011.Recursos web:Boersma, Paul y David Weenink: Praat: doing phonetics by computer. Amsterdam: University of Amsterdam, 2023 ( <a href="https://www.fon.hum.uva.nl/praat/">https://www.fon.hum.uva.nl/praat/</a> ). Sounds of Speech. Spanish. Iowa: University of Iowa, 2023 ( <a href="https://soundsofspeech.uiowa.edu/spanish">https://soundsofspeech.uiowa.edu/spanish</a> ).
Bibliografía complementaria	Incluirase documentación na plataforma Moodle da UDC.

**Recomendacións**

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

**Observacións**

Recoméndase o

traballo diario e a asistencia ás sesións tanto expositivas como prácticas.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías